

## **INFORME TÉCNICO DO DEPARTAMENTO DE PARQUES E XARDÍNS.**

**ASUNTO:** *ofertas admitidas no concurso para a prestación do Servizo de Conservación e Mantemento do Parque de Brandía.*

### **1. OBXECTO DO INFORME.**

O presente informe ten por obxecto, a determinación das puntuacións acadadas por cadansúa oferta admitida no concurso, por procedemento aberto, do *Servizo de conservación e mantemento do Parque de Brandía*, reservado a centros especiais de emprego (D.A. 5ª TRLCSP).

### **2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.**

<b>CRITERIOS</b>	<b>PUNTOS</b>
<b>1. METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO:</b> distribución dos equipos, organización xeral do servizo, calendarios, inspeccións, partes de traballo, etc.	10
<b>2. MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS:</b> maquinaria, ferramentas, indicando o número e as características técnicas propostas (facerase unha valoración dende un punto de vista cualitativo e cuantitativo).	15
<b>3. COORDINACIÓN ESTRATÉXICA DO SERVIZO:</b> control da prestación do servizo, xestión ambiental e dos sistemas de inspección e comunicación.	5
<b>TOTAL</b>	<b>30</b>

### **3. OFERTAS ADMITIDAS.**

- ASPAS EMPREGO SL.
- COREGAL PARQUES E XARDÍNS SL.

### **4. VALORACIÓN TÉCNICA.**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

### **ASPAS EMPREGO SL.**

**METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO:** distribución dos equipos, organización xeral do servizo, calendarios, inspeccións, partes de traballo, etc.

A oferta propón a realización dos traballos dependendo da tempada (baixa ou alta), levalos a cabo cun equipo a xornada completa de 3 peóns e reforzar, segundo a tempada, con 2 peóns a tempo parcial, todos baixo a dirección dun capataz xardineiro.

A organización dos traballos estará suxeita ás variantes do tipo de tempada, realizando en ámbolos dous casos, avances de programas trimestrais, mensuais, semanais e diarios.

No relativo ás inspeccións, faceranse diariamente, intervindo naquelas actuacións que correspondan pola modalidade de cánon e informando aos técnicos municipais puntualmente de calquera incidente.

Realizaranse unha serie de rexistros relacionados cos postos de traballo realtivos ás planificacións trimestrais, mensuais, semanais, diarias dos resumos dos traballos realizados, que se enviarán ao Concello.

**MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS:** maquinaria e ferramentas.

Recóllese un cadro co resumo do persoal destinado ao servizo de mantemento do Parque de Brandía. Conta este cadro de persoal, cunha media anual de 8,2 postos de traballo repartidos entre as distintas especialidades.

No relativo á maquinaria e aos vehículos, o cadro recolle unha relación dos adscritos ao servizo, que se detalla como segue:

- 1 Ford transit.
- 1 Combi 2.5 con remolque
- 4 cortacéspedes.
- 3 rozadoras de mochila.
- 1 aspirador de follas.

Nun segundo cadro, recóllese unha serie de vehículos e maquinaria, de apoio aos anteriormente detallados.

**COORDINACIÓN ESTRATÉXICA DO SERVIZO:** control da prestación do servizo, xestión ambiental e sistemas de información e comunicación.

Para o control do servizo, propónse unha organización por tempada (sexa alta ou baixa) trimestral, mensual, semanal e diaria, de tódolos traballos que hai que desenvolver no Parque, coa distribución do persoal.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Así mesmo, levarase o control da prestación do servizo a través dos correspondentes rexistros referidos no documento de metodoloxía operativa do servizo, e tamén a través de auditorías internas.

No que se refire á xestión ambiental, ademais das indicacións que o Concello poida dar neste senso, ASPAS ten implantado na actualidade un sistema de xestión de calidade, segundo a norma UNE EN ISO 9001:2008 e ao longo do presente ano, contará coa norma ISO 14001.

Para os sistemas de información, achéganse teléfonos de contacto as 24 horas.

### ANÁLISE RESUMIDA DA OFERTA.

No relativo ao primeiro apartado, a oferta axústase ao prego técnico, reforzando o persoal nas tempadas altas, e adaptando o organigrama ós traballos propios de cadansúa tempada, presentando polo tanto propostas de distribución dos equipos, organización dos traballos, programas e resumos dos traballos, etc.

No segundo punto, consideramos que a oferta acada un bo nivel, tanto de medios humanos coma de vehículos e maquinaria.

Para o especificado no terceiro punto, tamén a oferta se considera axeitada.

### **COREGAL PARQUES E XARDÍNS SL.**


METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO: distribución dos equipos, organización xeral do servizo, calendarios, inspección, partes de traballo, etc.

No relativo a “Distribución dos equipos” a oferta non recolle especificamente o relativo a este apartado. No tocante a “Organización xeral do servizo” a oferta reproduce os distintos apartados de traballos relacionados no prego técnico, sen detallar unha organización específica, unicamente se limitan a propoñer que os programas se elaborarán en colaboración co persoal do Departamento de Parques e Xardíns e que entregarán os seguintes documentos de traballo:

- Planificación trimestral dos traballos na totalidade das zonas.
- Planificación semanal dos traballos na totalidade das zonas.
- Resumo mensual dos traballos na totalidade das zonas.
- Listaxes diarias correspondentes ao persoal distribuído por zonas.
- Partes semanais das subministracións.

MEDIOS HUMANOS E MATERIAS: maquinaria e ferramentas.

Presenta un cadro de persoal, distinguindo entre o persoal técnico da empresa e o persoal adscrito á execución dos traballos. Neste último apartado figuran 3 operarios e 2 máis de apoio.



## CONCELLO DE SANTIAGO

No relativo aos medios materiais, a empresa detalla o material móbil adscrito ao servizo e a maquinaria.

### VEHÍCULOS:

- 1 furgoneta modelo Citroën Jumper 2.5, para o seu uso habitual diario.
- 1 camión modelo IVECO PEGASO DAILY, para un uso puntual e de apoio.

### MAQUINARIA:

- 1 cortacésped.
- 2 rozadoras de mochila.
- 1 soplador.
- 1 motoserra.
- 1 escarificador.
- 1 cortasebes.

COORDINACIÓN ESTRATÉGICA DO SERVIZO: control da prestación do servizo, xestión ambiental e sistemas de información e comunicación.

No relativo ao control, a empresa dispón duns modelos técnicos e unha organización adaptada á natureza dos traballos contratados, e presenta un cadro de persoal técnico e operativo co seguinte detalle:

- Un responsable máximo da empresa.
- Un responsable técnico.
- Un responsable de calidade e medioambiente.
- Un encargado dos operarios.
- Dous operarios de xardinería.


En relación á xestión ambiental e para o suposto de resultar adxudicataria do servizo, a empresa realizará os traballos cumprindo coa totalidade dos requisitos esixidos no sistema de xestión ambiental do Departamento de Parques e Xardíns, segundo a normativa EMAS.

### ANÁLISE RESUMIDA DA OFERTA.

Aínda que a oferta reproduce tódolos aspectos detallados no prego técnico, carece de especificación en aspectos concretos como: distribución dos equipos, organización xeral do servizo, etc.

No relativo ao segundo punto, consideramo-la oferta suficiente e axeitada.

Finalmente, o terceiro punto (ao igual que o descrito para o primeiro) aínda que reproduce os compromisos descritos no prego técnico, non especifica os puntos concretos do apartado.




**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**5. CADRO DE PUNTUACIÓNS.**

<b>EMPRESA</b>	<b>METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO</b>	<b>MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS</b>	<b>COORDINACIÓN ESTRATÉXICA DO SERVIZO</b>	<b>PUNTUACIÓN FINAL</b>
ASPAS EMPREGO SL	8	15	5	28
COREGAL PARQUES XARDÍNS SL E	6	12	3	21

*Santiago de Compostela, 29 de febreiro de 2012.*

**O xefe do Departamento de Parques e Xardíns**



**Asdo.: José A. Mosquera Rodríguez.**

## **INFORME DO DEPARTAMENTO DE PARQUES E XARDÍNS**

**ASUNTO:** *informe final valorativo das ofertas presentadas para a contratación, por procedemento aberto, do SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO PARQUE DE BRANDÍA, reservado a centros especiais de emprego.*

### **A. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.**

#### **1. OFERTA ECONÓMICA.**

Puntuación máxima: 25 puntos.

O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE, ascende a 58.306,95€.  
(18% IVE a soportar pola Administración: 10.495,25€).

##### **a. ASPAS EMPREGO SL.**

A oferta presentada ascende á cantidade de 55.858,05€

IVE (18%): 10.054,45€.

Porcentaxe de baixa sobre o orzamento de licitación: 2.448,90€ (4,2%)

##### **b. COREGAL PARQUES E XARDÍNS SL.**

A oferta presentada ascende á cantidade de 55.974,67€

IVE (18%): 10.075,44€.

Porcentaxe de baixa sobre o orzamento de licitación: 2.332,28€ (4%)

#### **2. MELLORAS.**

Valorarase con 10 puntos a mellor oferta, considerando como tal a que inclúa o maior número de especies indicadas. As restantes ofertas, valoraranse proporcionalmente ao número de unidades ofertadas.

##### **a. ASPAS EMPREGO SL.**

Estaría en disposición de achegar 16.000 unidades de bulbos e 9.000 unidades das distintas especies en maceta.

##### **b. COREGAL PARQUES E XARDÍNS SL.**

A cantidade de unidades que podería achegar concretaríanse en 4.000 unidades de bulbos e 3.000 uds de planta en maceta.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

### **B. CADRO RESUMO DA PUNTUACIÓN.**

<b>EMPRESA</b>	<b>OFERTA ECONÓMICA</b>	<b>MELLORAS</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
ASPAS EMPREGO SL	25	10	35
COREGAL PARQUES XARDÍNS SL E	24,37	2,8	27,17

### **CADRO RESUMO DA PUNTUACIÓN FINAL (considerando tódolos criterios).**

<b>EMPRESA</b>	<b>CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES</b>	<b>CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES</b>	<b>PUNTUACIÓN FINAL</b>
<b>ASPAS EMPREGO SL</b>	28	35	<b>63</b>
<b>COREGAL PARQUES XARDÍNS SL E</b>	21	27,17	<b>48,17</b>

### **C. CONCLUSIÓN.**

Considerando todo o anteriormente exposto, outórgaselle a maior puntuación á empresa **ASPAS EMPREGO SL**, por se tratar da mellor oferta, adaptada plenamente ás esixencias descritas nos pregos.

*Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2012.*

*O xefe do Departamento de Parques e Xardíns.*

*Asdo. José A. Mosquera Rodríguez.*

